

## OBXECTIVO COMERCIAL PARA CENTRO CORPORATIVO

Coincidindo coa etapa de definición de obxectivos, o banco distribuíu unha circular nos centros corporativos onde se especifica un obxectivo comercial para o cadro de persoal destes centros.

Non sabemos con exactitude se haberá unidades de traballo que non se vexan involucradas, pero parece que afectará a todos os técnicos destes centros que dispoñan de variable (CVFA).

A medida de incentivar para achegar «negocio» co fin de facilitar a captación de novos clientes, e que con iso se incremente o variable ata un 10%, incluso nos podería chegar a parecer afinado se se propuxese dunha forma correcta, pero non é de recibo que se pretenda penalizar nun 10% sobre o seu variable a quen non realice un mínimo de prescricións de novos clientes.

Na publicación que RR. HH. ten como pauta do sistema de Obxectivos (en People / Ferramentas de Xestión / Documentación / Compensación / Información xeral sistema de obxectivos), atopamos que no punto 3.b, que corresponde á «definición dos obxectivos», di: **«Para que os obxectivos sexan confeccionados con calidade e nos permitan medir os resultados dun xeito efectivo, debemos seguir as seguintes pautas SMART: . . . «Orientados a Resultados, relacionados con algunha das funcións propias do Posto de Traballo e congruentes . . .»**

Entón, como e cando se pretende que se realice este obxectivo? Durante a xornada

laboral parece que non, pois non se corresponde coas funcións propias dos devanditos postos de traballo. E desde onde? Desde o posto de traballo? Ao non ter nada que ver cos obxectivos deste, poderíase incorrer nalgunha acción sancionable?

Consideramos fóra de lugar a esixencia dun obxectivo comercial a persoal ao que non lle corresponde polos obxectivos do seu posto de traballo. Cremos que corrompe o sistema de obxectivos que o banco estaba aplicando, que o desvaloriza e fai perder a confianza dos empregados nel, e desincentívaos na consecución dos seus obxectivos persoais. De todos os xeitos, dada a situación actual, **poderíamos entender un plan de incentivos extraordinarios positivo para a consecución de obxectivos comerciais, pero nunca negativo.**

**Solicitámoslle á empresa que retire este obxectivo ou que o modifique para que sexa un incentivo positivo.**

Con respecto aos obxectivos para este ano, aconsellamos que no caso de se vos comunicar oficialmente este obxectivo comercial, incluídes ademais das vosas impresións ao respecto, o seguinte comentario: «Non estou de acordo no obxectivo comercial que se me pediu, xa que non se encontra dentro das funcións do meu posto de traballo».

Seguiremos informando,  
Abril de 2010

**Conéctate á nosa web: People > Seccións Sindicais > COMFIA-CCOO > [http:// www.comfia.net/bs/](http://www.comfia.net/bs/)**

<b>Boletín de afiliación</b> Enviar a ➔		<b>3532-0002 CC.OO.</b>	Sinatura
Nome .....	Ofi.:		
Domicilio .....			
Poboación .....	C.P.:		
Cta. de cargo .....		DNI	Data / /

Os teus datos serán incorporados a un ficheiro titularidade de CC OO integrado polos ficheiros pertencentes á confederación ou unión rexional correspondente, segundo o lugar onde radique o teu centro de traballo, á federación do sector ao que pertenza a empresa na que traballes, así como —en todo caso— á CSCCOO. No seguinte URL podes consultar os diferentes entes que compoñen CC OO: <http://www.ccoo.es/sindicato/sindicato.html>. A finalidade do tratamento dos teus datos por parte de todos eles é o mantemento da túa relación como afiliado/a, coas concretas finalidades establecidas nos estatutos. Ademais do indicado, os teus datos poden ser empregados por CC OO para che remitir información sobre as actividades e acordos de colaboración que se establezcan con outras entidades. Sempre estarás informado na web de CSCCOO (<http://www.ccoo.es>) dos ditos acordos e dos datos desas entidades. Podes exercer os teus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e, se for o caso, oposición, enviando unha solicitude por escrito acompañada da fotocopia do teu DNI dirixida a CSCCOO con domicilio sito na R/ Fernández de la Hoz n.º 12, 28010, Madrid. Deberá indicar sempre a referencia «PROTECCIÓN DE DATOS». Se tes algunha dúbida ao respecto podes remitir un correo electrónico a [lopd@cco.es](mailto:lopd@cco.es) ou chamar por teléfono ao 917028077.